



SERVIZO DE DEPORTES DE NARÓN

Estrada de A Gándara nº 148 – Pavillón Polideportivo Municipal – 15570 NARÓN Tif. 981-387522 Fax. 981-387632
E-mail: p.deportes@naron.es C.I.F. P-1505500-G

PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS PARA O CONTRATO DE MANTEMENTO DOS CAMPOS MUNICIPAIS DE HERBA ARTIFICIAL DO CADAVAL E DO VAL DE NARÓN.

1.- DO OBXECTO DO CONTRATO.

Constitúe o obxecto do Contrato o servizo de mantemento dos Campos Municipais de Herba Artificial do Cadaval e do Val sita en Piñeiros e no Val en Narón, consistente en:

2.- MANTEMENTO DO TERREO DE XOGO DOS CAMPOS DE FÚTBOL, OBXECTO DO CONTRATO.

A zona obxecto dos traballos de mantemento é a zona verde de xogo, así como as zonas perimetrais, tanto laterais como as bandas de fondo tralas porterías.

Os labores de mantemento a realizar e a frecuencia daqueles serán os seguintes:

a) LIMPEZA DA SUPERFICIE.

- Arrancar e pulverizar as malas herbas que aparecen ou xerminan no céspede.
- Eliminación da sucidade (restos de fibras, follas, etc.)
- Aspirar e recoller con máquina e a man, utilizando a maquinaria e complementos que requira o traballo.

b) VERIFICACIÓNS.

- Repasar as xuntas de unión de toda a superficie, limpar e aspirar, para encolar se é necesario.
- Substitución do punto de penalti, e se é necesario o encolado das partes con roturas ou desgarradas.



SERVIZO DE DEPORTES DE NARÓN

Estrada de A Gándara nº 148 – Pavillón Polideportivo Municipal – 15570 NARÓN Tlf. 981-387522 Fax. 981-387632
E-mail: p.deportes@naron.es C.I.F. P-1505500-G

c) DESCOMPACTACIÓN.

- Farase sobre toda a superficie do campo, conseguindo deste xeito evitar lesións musculares, evacuación correcta da auga, evitando o encharcamento do campo e un desenvolvemento correcto da práctica do fútbol evitando respostas negativas e estrañas no bote do balón.

Para todo isto utilizarase a maquinaria (especificada no punto 7.4 do presente prego) para remover o caucho, buscando a profundidade adecuada en cada caso, e recollendo os restos de sucidade que poidan aparecer ao remover o dito caucho.

d) LEVANTAMENTO DO PELO DO CÉSPEDE.

- Con este traballo conseguirase determinar a cantidade de caucho que se debe incorporar no recebado ou lastrado se é necesario.
- Cepillado con maquinaria (segundo o especificado no punto 7.4 do presente prego), útiles apropiados e alfombra especial.

e) RECEBADO.

- Farase o recebado e lastrado uniforme da superficie do céspede.
- Se fose necesario, deberá incorporarse caucho nas zonas que o necesitaran.
- Reparto uniforme con maquinaria (segundo o especificado no punto 7.4 do presente prego) dos gránulos de caucho.

f) CEPILLADO.

- Farase un cepillado final a toda a superficie.
- O citado cepillado farase con cepillos especiais, incorporados na maquinaria (segundo o especificado no punto 7.4 do presente prego).
- Para as zonas de difícil acceso para a máquina utilizaranse cepillos á man.



SERVIZO DE DEPORTES DE NARÓN

Estrada de A Gándara nº 148 – Pavillón Polideportivo Municipal – 15570 NARÓN Tif. 981-387522 Fax. 981-387632
E-mail: p.deportes@naron.es C.I.F. P-1505500-G

g) CANALETAS PERIMETRAIS DE DESAGUE.

- Extraeranse as reixas das canaletas perimetrais, limparanse e baleirarase a sucidade.
- Farase un barrido de canaletas e reixas, limparanse con auga a presión e aspiraranse.

h) TRATAMENTO HERBICIDA SELECTIVO.

- Para a eliminación de herbas e fungos, deberá facerse un tratamento con herbicidas e fungicidas, pulverizando as zonas conflitivas (xuntas, bordes das canaletas, etc.)

3.- LUGAR DE EXECUCIÓN DO CONTRATO.

Os servizos executaranse no Campo de Herba Artificial do Cadaval, sito na Estrada do Cadaval s/n e no Campo de Herba Artificial do Val, sito no Lugar de Sinde – O Val, ambos no concello de Narón.

4.- PERSOAL DESTACADO PARA A EXECUCIÓN DO CONTRATO E MEDIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS.

4.1.- Para a execución dos servizos descritos nos anteriores apartados, o/a adxudicatario/a obrígase a dispoñer do persoal necesario e debidamente cualificado, pertencente ao seu cadro de persoal, así como dos medios técnicos da súa propia organización, tales como: ferramentas de man, roupa de traballo, equipos de seguridade, etc.

De todos os xeitos, se o/a adxudicatario/a necesitara a súa vez subcontratar, solicitarao por escrito ao Concello de Narón, que é quen poderá autorizalo.



SERVIZO DE DEPORTES DE NARÓN

Estrada de A Gándara nº 148 – Pavillón Polideportivo Municipal – 15570 NARÓN Tif. 981-387522 Fax. 981-387632
E-mail: p.deportes@naron.es C.I.F. P-1505500-G

4.2.- O concello de Narón resérvase o dereito, en calquera intre, durante a vixencia do contrato, de pedir e obter do/a adxudicatario/a a substitución, por causas razoadas da persoa ou persoas que o/a adxudicatario/a designará para os servizos de mantemento. A substitución destas persoas deberá realizarse no prazo máximo de sete días, contados dende o preaviso por parte do concello de Narón.

4.3.- En caso de enfermidade ou calquera outro tipo de ausencia, do persoal destacado polo/a adxudicatario/a para a execución do servizo, este obrígase a suplilo, para garantir o bo funcionamento da instalación.

4.4.- O persoal que o/a adxudicatario/a destaque para a execución dos servizos indicados dependerá xerarquicamente da súa propia organización, para o cal a empresa situará a persoa necesaria. Esta persoa deberá seguir as indicacións que se lle fagan, para a debida coordinación dos traballos, xa sexa polo Administrador-Xerente do Padroado de Deportes do concello de Narón ou por parte da persoa que este expresamente delegue.

4.5.- O/a adxudicatario/a comprométese a cumprir todas as obrigas laborais e de Seguridade Social; para iso achegará á sinatura do contrato os seguintes documentos:

- Certificado expedido pola Tesourería Provincial da Seguridade Social conforme está ao corrente do pago das cotas de cotización ao Réxime da Seguridade Social correspondente.
- Seguro de Responsabilidade Civil.
- Relación do persoal necesario para o obxecto do contrato, co tipo de contrato que ten, e data de remate deste.



SERVIZO DE DEPORTES DE NARÓN

Estrada de A Gándara nº 148 – Pavillón Polideportivo Municipal – 15570 NARÓN Tlf. 981-387522 Fax. 981-387632
E-mail: p.deportes@naron.es C.I.F. P-1505500-G

4.6.- En función da marcha dos traballos, o Concello de Narón, poderá solicitar ao/á Adxudicatario/a a súa colaboración engadida, na medida que fose necesaria para o bo fin dos servizos citados.

4.7.- O/a adxudicatario/a garante ao concello de Narón, que todos os servizos que se lle encarguen serán executados coas normas da boa práctica profesional que requiran, e que o persoal que os leve a cabo reunirá as cualificacións técnicas e experiencia necesarias.

4.8.- A xornada laboral será sempre a ordinaria e vixente en cada momento.

O/a adxudicatario/a contará cos medios de locomoción propios (furgoneta ou camiión), co obxecto da realización dos traballos descritos.

4.9.- O/a adxudicatario/a disporá dos medios persoais axeitados para a atención do servizo contratado, cubrindo o período estimado, e traballos que de seguido se sinala:

- Do 1 de abril de 2016 ao 31 de marzo de 2017
Faranse 12 actuacións de mantemento no período indicado.

5.- REPOSABILIDADE CIVIL.

O/a adxudicatario/a estará obrigado/a a subscribir unha póliza de seguros que cubra un risco de 300.506,05 €, como mínimo, por sinistro, como garantía de responsabilidade Civil e danos corporais ou materiais causados involuntariamente a terceiros, por accidente ou negligencia.

6.- PREZOS, FACTURACIÓN E CONDICIÓNS DE PAGAMENTO.

6.1.- O orzamento base máximo será de 11.000,00 euros (ONCE MIL EUROS). Neste importe inclúese o IVE.

O cómputo por anualidades será:



SERVIZO DE DEPORTES DE NARÓN

Estrada de A Gándara nº 148 – Pavillón Polideportivo Municipal – 15570 NARÓN Tif. 981-387522 Fax. 981-387632
E-mail: p.deportes@naron.es C.I.F. P-1505500-G

ANO	MESES	IMPORTE IVE INCLUIDO
2016	Abril - Decembro	8.249,94 €
2017	Xaneiro - Marzo	2.750,06 €
TOTAL		11.000,00 €

6.2.- O prezo do contrato satisfacerase por medio de mensualidades vencidas, para o que deberá presentar factura que será informada polo Xefe do Servizo e Delegado/a de Deportes.

6.3.- Mensualmente, o/a adxudicatario/a presentará nas oficinas do Padroado de Deportes de Narón a seguinte documentación:

- Documento TC-1 e TC-2.
- Partes de alta na Seguridade Social dos traballadores non incluídos na última liquidación (TC-2).
- Resgardo da cotización ao Réxime de Traballadores Autónomos, se procedese.

6.4.- Trimestralmente, o/a Adxudicatario/a presentará nas oficinas do Padroado de Deportes de Narón a seguinte documentación:

- Liquidacións que correspondan á Facenda Pública.

Ademais anualmente, o/a adxudicatario/a presentará nas oficinas do Padroado de Deportes o recibo de pagamento da póliza de responsabilidade civil.

7.- PRESCRICIÓNS TÉCNICAS.

7.1.- FUNCÍONS DO/A ADXUDICATARIO/A.



SERVIZO DE DEPORTES DE NARÓN

Estrada de A Gándara nº 148 – Pavillón Polideportivo Municipal – 15570 NARÓN Tif. 981-387522 Fax. 981-387632
E-mail: p.deportes@naron.es C.I.F. P-1505500-G

O concello de Narón, exercerá a supervisión e coordinación da Empresa adxudicataria co motivo de asegurarse que o obxecto do contrato se esta a executar conforme as esixencias do prego e compromisos contractuais establecidos, exercéndose estas funcións preferentemente por parte do Administrador-Xerente do servizo de Deportes de Narón.

As funcións a desenvolver pola Empresa Adxudicataria serán:

- Posta en marcha dos programas de mantemento e limpeza.
- Propoñer ideas e/ou melloras dos programas para adaptalos ás necesidades.
- Desenvolvemento dos programas propostos e aprobados.
- Tomar accións correctivas en xeral ou de primeira intervención en toda a instalación.
- Tramitar toda a información puntual, ao Administrador-Xerente, que se vaia producindo en relación ás tarefas de mantemento.

7.2.- DESENVOLVEMENTO OPERATIVO DOS SERVIZOS. DEREITOS E OBRIGAS.

Realizaranse sobre o terreo de xogo das instalacións indicadas as seguintes actividades:

- Operacións de mantemento preventivo, predictivo, e correctivo que garantan a axeitada utilización, a boa conservación e a durabilidade destes.
- Regulación, vixilancia e control dos parámetros funcionais que definan o bo estado e funcionamento das instalacións e/ou equipos, tales como presión, caudais, velocidade de paso, revolucións, intensidade, etc.
- Control do funcionamento de equipo ou equipos de certa entidade sobre cada instalación; sobre os que se efectuará unha revisión periódica, incluída no plan de mantemento preventivo.



SERVIZO DE DEPORTES DE NARÓN

Estrada de A Gándara nº 148 – Pavillón Polideportivo Municipal – 15570 NARÓN Tlf. 981-387522 Fax. 981-387632
E-mail: p.deportes@naron.es C.I.F. P-1505500-G

- Seguimento e comunicación ao Administrador-Xerente de calquera defecto das instalacións e/ou equipos que diminúan o seu rendemento e poñan en perigo a seguridade do/a usuario/a ou da propia instalación.
- O/a Adxudicatario/a deberá realizar, cando así o designe o CONCELLO DE NARÓN, as comprobacións das reparacións ou instalacións que se produzan por intervención de compañías fabricantes ou provedores, informando diso ao Administrador-Xerente do servizo de Deportes de Narón.
- As operacións ou reparacións, cunha execución que produza un notable transtorno para o correcto funcionamento das instalacións, executaránse durante as horas de “non ocupación” desta, entendéndose que debe tratarse unicamente de actuacións excepcionais.
- O responsable do mantemento recollerá as incidencias sobre, reparacións e calquera outra anomalía que se orixine. As ditas incidencias serán pasadas nun parte de mantemento que se presentará nas oficinas administrativas do servizo de Deportes no momento no que se detecte.
- Mensualmente o/a adxudicatario/a dará conta ao CONCELLO DE NARÓN, mediante un informe, do cumprimento dos programas de mantemento e dos resultados obtidos así como de calquera incidencia que sexa importante destacar.
- A composición dos produtos, líquidos e deterxentes que se empreguen será dos habitualmente utilizados nos servizos desta natureza, prohibíndose o emprego daqueles que pola súa concentración e composición danen, ou perxudiquen as superficies sobre as que se apliquen.
- O po, lixos, papeis, desperdicios e residuos de toda clase que se produzan depositaránse en bolsas e no lugar que se sinale para a súa posterior recollida polo Servizo de Limpeza.

O/a Adxudicatario/a está obrigado a:

- 1) Executar os traballos na forma, tempo e condicións establecidas.



SERVIZO DE DEPORTES DE NARÓN

Estrada de A Gándara nº 148 – Pavillón Polideportivo Municipal – 15570 NARÓN Tif. 981-387522 Fax. 981-387632
E-mail: p.deportes@naron.es C.I.F. P-1505500-G

- 2) Cumprir as disposicións laborais, da seguridade social e coa facenda pública que sexan inherentes a súa condición de empresario/a do persoal que preste os servizos a os seus ordenes.
- 3) Responder dos danos e prexuízos que ocasione con motivo da execución do servizo e dos gastos orixinados á administración municipal por demora no cumprimento das súas obrigas.
- 4) Cumprir, ademais das expresadas, cantas outras obrigas lle veñan impostas en relación co obxecto do contrato por precepto legal ou regulamentario.
- 5) O vestiario preciso para realizar os traballos será por conta do/a adxudicatario/a, que coidará que este sexa o máis axeitado posible para o desenvolvemento das actividades.
- 6) Asumir toda responsabilidade respecto aos danos e prexuízos, que se poidan ocasionar aos/ás usuarios/as do servizo ou a terceiras persoas, causados pola acción do persoal vinculado ao servizo ou os que se derive das deficiencias dos elementos propios que puidese posuír o/a adxudicatario/a.
- 7) A contratación do persoal necesario para o cumprimento do servizo, sendo a conta súa o abono dos emolumentos, seguros sociais e cantos outros gastos se deriven dos medios persoais dos que se dispoña. O/a adxudicatario/a cumprirá coas obrigas laborais referidas ao ámbito de aplicación dos convenios colectivos aos que estivera suxeito.

O/a adxudicatario/a terá dereito a:

- 1) Percibir o prezo do contrato na contía, forma e tempo establecido no prego de condicións.
- 2) Todos os outros que lle sexan recoñecidos no presente prego de condicións, por acordos ou resolucións dos órganos municipais competentes ou do servizo de Deportes.
- 3) A protección axeitada para a prestación dos servizos.

7.3.- REGULAMENTO, LIBROS E SERVIZO DE MANTEMENTO.

Para o mantemento das instalacións e equipos serán de obrigado cumprimento, para o/a adxudicatario/a, todos os Regulamentos, as Ordes e instrucións técnicas complementarias que afecten a aqueles.



SERVIZO DE DEPORTES DE NARÓN

Estrada de A Gándara nº 148 – Pavillón Polideportivo Municipal – 15570 NARÓN Tlf. 981-387522 Fax. 981-387632
E-mail: p.deportes@naron.es C.I.F. P-1505500-G

O/a adxudicatario/a deberá cumprimentar, segundo a normativa que puidese obrigar a iso, os libros de mantemento das instalacións e equipos que obteñan.

7.4.- MEDIOS MATERIAIS E INFORMACIÓN NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DOS TRABALLOS.

Para a realización dos traballos, descritos neste prego, o/a adxudicatario/a disporá do persoal especializado así como da maquinaria axeitada, sendo a seguinte a mínima para os labores de mantemento dos campos de fútbol de herba artificial:

- Máquina de mantemento de césped artificial que inclua unidade tractora e todo o necesario para o mantemento profesional de céspede artificial. Descompactadora, Cepillo rotativo con bandexa regulable de separación da suciedade. Aspiración do po. Cepillado plano cuádruple con redistribución do caucho e peinado da fibra.
- O adxudicatario/a no momento da presentación da oferta presentará unha memoria coas fotografías que procedan, da maquinaria que utilizará nos citados campos de herba artificial.
- Os prexuízos que poida causar o adxudicatario no terreo de xogo por emprego de máquinas non axeitadas ás labores de mantemento indicadas neste prego será a cargo do adxudicatario.

A achega dos materiais necesarios para a realización dos traballos de mantemento dos campos de fútbol, de tipo consumible: caucho, fungicidas, herbicidas, etc., que contarán coa homologación correspondente), serán por conta do/a adxudicatario/a.

A substitución do céspede, así como a perda de caucho, debido a actos de vandalismo, por uso indebido das instalacións ou por causas atmosféricas extraordinarias, riadas, etc., que deberá conter os informes pertinentes, será por conta do concello de Narón.

Narón, Febreiro-2016